

ANUNCIO

Concurso público de adxudicación da cafetería do instituto

O Instituto de Educación Secundaria do Castro de Vigo oferta publicamente o servizo de cafetería das instalacións do centro.

A adxudicación do servizo farase polo sistema de adxudicación directa e será condición imprescindible o cumprimento dos requisitos mínimos que haberá de reunir o adxudicatario e as condicións básicas preferentes para a súa adxudicación.

O acordo de adxudicación materializarase nun documento que conterá obrigatoriamente os requisitos mínimos establecidos polo Consello Escolar.

Os requisitos mínimos e as condicións básicas de adxudicación estarán a disposición dos interesados na secretaría do instituto. Así mesmo, poderán visitar o local destinado a tal fin.

O prazo de admisión para os interesados será ata o día 8 de xullo de 2013. As ofertas deberán dirixirse en sobre pechado ao Consello Escolar do IES do Castro, na Rúa Posada Curros nº 1 de Vigo, 36203 Pontevedra.

En Vigo, a 28 de xuño de 2013